



PROXECTO DE TOPONIMIA DO CONCELLO DE VEDRA

Santo André de Illobre

André vén do grego **Andreas**. Algúns autores explicano derivado de **andreia** 'valor, virilidade', outros como a redución cariñosa dalgún nome composto de **andr-** 'home, varón' (como *Andrôcles*, *Andromachos*), da mesma maneira que nós reducimos Adelaida en Adela. A forma Andreu consérvase como apelido. Emprégase tanto coa forma san coma con santo.

Este apóstolo era irmán de San Pedro e tamén pescador. Foi o primeiro seguidor de Cristo e evangelizou Escitia (na actual Rusia) aínda que este apostolado non está confirmado, admítase que estivo no mar Negro e na Ucraína. Segundo a lenda, un anxo mandouno visitar a Mateo, o cal estaba cego e preso na Etiopía. Finalmente volveu a Grecia e estivo en Macedonia e no Peloponeso, onde sufriu martirio: atárono a unha cruz en forma de aspa, sen cravalo, para que a agonía fose máis lenta e despois de dous días morreu. É un dos santos máis antigos no culto hispánico (séc. VI).

Aparece vestido con túnica e manto e leva un libro na man. O seu atributo persoal é unha cruz en aspa.

A súa festividade celébrase o 30 de novembro e tamén o 8 de setembro.



O Castro



A orixe deste topónimo atopámola na forma latina **castru** 'fortificación'.

Este nome de lugar está relacionado coa existencia dun antigo asentamento celta nas súas terras. Os asentamentos estaban situados en pequenos outeiros e eran construcións circulares ou ovais, fortificados con varios muros que teñen a mesma forma.

Fontes

O nome de lugar co que nos atopamos aquí vén do latín **fons, fontis** 'fonte'.

É un dos topónimos máis abundantes na toponimia galega, tanto como forma independente ou formando parte doutros, como en: *Fondevila*, *Fontevilar*, *Fonteboia*, *Fontecativa*...



Viño grande e Viño pequeno

Navaza di que non podemos confirmar que conteñan o substantivo *viño*, que procede de **vinu**. Supón que vén dun hidrónimo prerromano: **aviño** > viño.



Vilapedre

O presente topónimo vén de ***(villa) Petri**, 'vila de Pedro'. Este xenitivo latino empregábase, en épocas antigas, para expresar o posuídor ou dono dunha *villa*, entendendo esta no sentido de gran propiedade, quinta. Así o nome do dono daría nome ó lugar.



A Igrexa

O presente topónimo provén da forma xenitiva latina ***(locus) ecclesiae**.

O máis probable é que este nome de lugar estea motivado pola presenza dunha igrexa.



O Piñeiro

Este nome de lugar vén da forma latina **pinariu** e este á súa vez de **pinu** 'pino'. Segundo Gonzalo Navaza, o substantivo *piñeiro* serve para referirse a distintas especies do xénero *Pinus*. Tamén comenta que o nome singular é máis abundante na toponimia cós derivados colectivos, o que pode ser debido á que os bosques de pinos non eran tan abundantes e numerosos, senón que estas árbores se atopaban dispersas e illadas, como exemplares únicos; pensemos en todos eses pinos que aparecen na documentación antiga como se fosen marcos para delimitar as leiras.



Prumadelos

Segundo Gonzalo Navaza, este nome de lugar podería corresponderse coa forma ***pomaredelos**, con dupla sufixación derivativa (**-ale** + **-etu**). Na base deste topónimo está o substantivo latino **pomum** que servía para referirse a todo tipo de froita. Máis tarde, en zonas da Romanía, **poma**, xa como singular feminino, adquiriu o significado específico de *mazá*. Non obstante, hoxe en día empregamos a palabra *mazá*, que provén do neoloxismo **ma(t)iana** e que gañou terreo sobre a forma primitiva, **poma**.

